

CURSO

COIDAR NA CASA: INTERVENCIÓN SOCIAL CON COIDADORAS INFORMAIS

DOSSIER INFORMATIVO



INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Fundamentación.....	2
3) Obxectivo.....	3
4) Contidos formativos.....	3
5) Persoas destinatarias.....	5
6) Calendario	5
7) Metodoloxía.....	6
8) Avaliación	6
9) Docencia	6

NOTA: A renuncia ás prazas adxudicadas dará dereito á devolución da matrícula abonada, sempre que a comunicación se produza antes da finalización do prazo de inscrición do curso que se trata (en termos xerais antes dos cinco días naturais anteriores ao comenzo da acción formativa), ou por causa de forza maior xustificada documentalmente.

1.RESUMO DO CURSO



100 horas



Online



Do 15 de setembro ao 30 de novembro de 2022



Colexiados/as: ~~110€~~, agora 55€
Non colex.: ~~140€~~, agora 110€

2. FUNDAMENTACIÓN

○ **coidado informal** defínese coma a atención non remunerada que se presta ás persoas que requiren coidados de longa duración, por parte da súa familia ou outras persoas sen outro lazo de unión nen obriga coa persoa que non sexa o da amizade ou o de boa vecindade (Rivera, 2001).

A realidade actual é que na poboación española cada vez é maior o número de persoas que requiren coidados de longa duración e que teñen ao seu carón a un coidador ou coidadora, normalmente non profesional, que lle **presta as atencións que necesita**. Esta persoa debe asumir, de maneira circunstancial, un rol para o que non estaba preparada.

Segundo o Instituto Nacional de Estatística, o perfil das coidadoras en España é o de unha **muller que se atopa entre os 45 e 64 anos de idade** e que habita na mesma vivenda que a persoa coidada, o que adoita implicar un parentesco familiar directo. A tarefa que realizan as persoas coidadoras é extenuante tanto física como emocionalmente. A medida que a enfermidade avanza, deben adaptarse a cambios constantes tanto da persoa coidada como das habilidades que se requiren para manexar as crecentes responsabilidades derivadas dos coidados.

Ademais, o grao de sobrecarga tamén medra como consecuencia do predominio de alteracións de conduta, a atención ininterrompida que se lle dispensa á persoa, a diminución dos ingresos económicos, a falta de apoio da rede familiar e a perda de relacións sociais ou tempo de ocio.

Nos últimos anos comenza a darse **maior valor ao traballo que realizan as familias** de persoas que requiren coidados de longa duración. Aumentan os estudos enfocados a coñecer de forma máis precisa as necesidades das persoas coidadoras informais e, deste xeito, poder aportar un mellor asesoramento para que poidan afrontar estas situacións de forma adecuada.

O Traballo Social é fundamental para intervir con coidadoras informais, tanto para informalas sobre os recursos dispoñibles como para acompañalas e orientalas en cuestións tales coma o autocoidado e a atención a persoas que requiren coidados de longa duración.

Coa presente formación preténdese dotar a profesionais do traballo social dos coñecementos necesarios para intervir desde unha perspectiva de xénero con coidadoras informais co obxectivo de que teñan a maior calidade de vida posible, sempre situando ás persoas no centro da intervención.

2. OBXECTIVOS

- Dotar a profesionais de traballo social dos coñecementos necesarios sobre o perfil poboacional das persoas que requiren coidados de longa duración e as súas coidadoras informais.
- Dar a conocer a profesionais de traballo social os métodos, técnicas e ferramentas de intervención social necesarias para desempeñar a súa labor con coidadoras informais.
- Aplicar a perspectiva de xénero e o modelo de atención centrada na persoa nas intervencións con persoas coidadoras.

3. CONTIDOS

Módulo 1. Aproximación contextual aos coidados de longa duración (10h)

- Conceptos básicos relativos aos coidados de longa duración.
- A realidade dos coidados de longa duración en España: a feminización dos coidados.
- Aspectos a ter en conta en coidados de longa duración.
- Bibliografía.

Módulo 2. As persoas que requiren coidados de longa duración (10h)

- Perfil poboacional de personas que requiren coidados de longa duración.
- Condutas habituais en persoas que requiren coidados de longa duración.
- Dereitos das persoas coidadas.
- Deberes das persoas coidadas.
- Bibliografía.

Módulo 3. A persoa cuidadora (10h)

- Perfil poboacional das persoas cuidadoras.
- Condutas habituais en persoas cuidadoras.
- Dereitos das persoas cuidadoras.
- Bibliografía.

Módulo 4. O impacto do coidado nas persoas que coidan (10h)

- Riscos das persoas cuidadoras.
- A síndrome do cuidador.
- Bibliografía.

Módulo 5. O modelo AICP en coidados de longa duración (10h)

- En que consiste a atención integral centrada na persoa?
- A atención centrada na persoa en coidados de longa duración.
- O método de validación de Naomi Feil.
- A ética na intervención social con persoas cuidadoras. Recomendacións para unha bona praxe.

Módulo 6. Intervención social con persoas cuidadoras informais (10h)

- A avaliación previa da persoa cuidadora.
- Clasificación das intervencións con persoas cuidadoras.
- Cando o coidado se comparte.
- A planificación dos coidados de longa duración.
- Acompañamento, seguimento e avaliación de logros.
- Técnicas e instrumentos de utilidade na intervención con persoas cuidadoras.

Módulo 7. Recursos externos para persoas coidadoras informais (10h)

- Prevención de riscos na vivenda e produtos de apoio.
- Prestacións e catálogo de servizos proporcionados pola lei 39/2006 e forma de acceso.
- A lei 8/2021 pola que se reforma a lexislación civil e procesal para o apoio das persoas con discapacidade no exercicio da capacidade xurídica. Xurisdición voluntaria. Lei 1/2000 de axuízamento civil.
- Bibliografía.

Módulo 8. Recursos internos para persoas coidadoras informais (10h)

- Autocoidado: Aprender a coidarse.
- Autocoñecemento.
- Recomendacións para aliviar a sobrecarga e o estrés.
- Bibliografía.

Módulo 9. Malos tratos a persoas que requiren coidados de longa duración (10h)

- Concepto de maltrato a persoas que requiren coidados de longa duración.
- Tipos de maltrato en coidados de longa duración.
- Prácticas inadecuadas en contornas de convivencia.
- EASI: Índice de sospeita de malos tratos.
- Bibliografía.

Módulo 10. O dó na persoa coidadora (10h)

- Concepto e tipoloxía do dó.
- Acompañamento no proceso de dó.
- Bibliografía.

4. PERSOAS DESTINATARIAS

Profesionais de traballo social, persoas colexiadas e precoleixadas con interese na área dos coidados de longa duración en domicilios, dependencia, discapacidade, persoas maiores, centros sociosanitarios, centros de día, servizos de axuda e residencias.

5. CALENDARIO

Desde o 15 de setembro ao 30 de novembro de 2022.

6. METODOLOXÍA

Formación online donde, a través da plataforma Moodle do COTSG, na que o alumnado poderá traballar os contidos formativos mediante os seguintes recursos: temario en formato PDF, contido audiovisual, lecturas complementarias e participación activa nos foros onde se proporán temas de interese para fomentar o debate.

7. AVALIACIÓN

Para superar el curso é necesario realizar o **test final de cada módulo** no que haberá que contestar correctamente 6 das 10 preguntas plantexadas. O alumnado disporá, para iso, de 3 intentos. Nalgúns dos módulos plantexaranse **tarefas ou exercizos prácticos** que terán un **carácter obrigatorio**, e que serven para afondar no tema obxecto de estudo.

A participación nos foros é voluntaria, aínda que se recomenda o uso dos mesmos para que a formación resulte máis enriquecedora, debater en grupo, compartir dudas, experiencias e xerar sinerxias.

8. DOCENCIA

Victoria Abadía Calpena

Traballadora social en exercizo libre e mediadora familiar | Col. 2533.

Fundadora de Alicerce Social, gabinete de traballo social e mediación familiar ubicado nun centro médico da cidade de Pontevedra. (<https://alicercesocial.com>).

Traballadora social e mediadora en Cohousing Galicia, entidade facilitadora de proxectos cohousing en Galicia.
(<https://cohousing.gal>)

Experiencia profesional en centros sanitarios privados como mediadora e traballadora social en exercizo libre, traballadora social en centros residenciais privados de atención a persoas maiores e persoas en situación de dependencia e centros de día.

Formación en atención integral e centrada na persoa, dano cerebral e demencias.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



[cotsgalicia](https://www.instagram.com/cotsgalicia)